



## CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981 74 20 01 – 981 74 21 17 - Fax: 981 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

E-Mail: [correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)

***D. Francisco Javier Sar Romero, Alcalde – Presidente do Concello de Muxía,***

En uso das atribucións que me confire o artigo 21. 1. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño a ditar o presente:

# BANDO

Ante as innumerables queixas recibidas por parte dos servizos de limpeza viaria, así como de veciñas e veciños deste concello que padecen día a día o problema dos excrementos de cans nas vías públicas, véxome obrigado a recordar aos propietarios/as de cans, da súa responsabilidade cos propios animais e cos demais veciños e veciñas.

Os excrementos dos cans depositados na vía pública, constitúen un grave problema para a cidadanía, podendo causar molestias e caídas, con consecuencias para a integridade física das persoas, así como un posible foco de contaxio de enfermidades entre animais ou, no seu caso máis grave, aos nenos e nenas máis cativos.

Polo exposto, requírese aos propietarios/as de cans, que deben recoller os excrementos dos mesmos nas vías e espazos públicos, e depositalos no colector do lixo. Ademais recórdase que non poden andar soltos.

**A non recollida de excrementos e permitir que anden soltos polas vías e espazos públicos, conllevará a correspondente denuncia e sanción dacordo coa lexislación vixente.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Muxía na hora e data da firma dixital.

O ALCALDE  
Francisco Javier Sar Romero

(asinado dixitalmente ao marxe)